

| | |
|---|-------------------|
| INSTRUCCIÓN Nº: 4/2026 | DATA: 14 /04/2026 |
| ÓRGANO EMISOR: SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS | |
| ASUNTO: INSTRUCIÓNS DE XESTIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO_TR351G_2026 | |

Ao abeiro do disposto no artigo 14 da [Orde do 22 de xaneiro de 2026](#), pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR351G), publicado no [DOG Nº 24, do 5 de febreiro de 2026](#).

Coa fin de unificar os criterios interpretativos e, en definitiva, **de facilitar e axilizar a xestión do procedemento de selección** tanto para o persoal das oficinas de emprego como para as propias entidades locais beneficiarias das axudas, no uso das facultades atribuídas na antedita orde, dítanse as seguintes,

INSTRUCIÓNS:

Primeira.- Requisitos das persoas a seleccionar

As persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización das obras e servizos polas que se outorguen as subvencións previstas na antedita orde, deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas, así como dispoñibles para o emprego.

As persoas traballadoras con contrato por tempo indefinido fixo discontinuo, inscritas como demandantes de emprego, tamén poderán ser contratadas sempre que a súa contratación resulte posible en función da duración do contrato subvencionado e do contrato fixo discontinuo que teñan subscrito, así como da duración do período de non actividade.

2. A excepción dos concellos rurais de menos de 10.000 habitantes¹, non ter sido contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no programa Aprod Rural (TR351G) do ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais.

¹ Datos padrón habitantes IGE 2025



Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Os contratos de traballo subscritos coas persoas seleccionadas deberán comunicarse necesariamente a través do aplicativo Contrat@, marcando a opción específica "interese social corporacións locais" que figura no apartado "Datos específicos do contrato".

Unha vez presentada a correspondente solicitude, cada entidade local, para poder iniciar aqueles proxectos de urxente posta en marcha, poderá contratar de xeito anticipado a aquelas persoas desempregadas que lle sexan autorizadas polo respectivo departamento territorial.

Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que finalice o período de tempo subvencionado, a entidade beneficiaria poderá contratar a outra persoa en substitución da que causou baixa durante o tempo que reste para que finalice o dito período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da persoa inicialmente contratada. No suposto de baixas temporais que se prevexan de duración superior a 30 días, a substitución so será posible despois da autorización expresa do departamento territorial correspondente á solicitude fundamentada da entidade contratante.

Cómpre ter en conta que, de acordo co mesmo artigo, **será a entidade beneficiaria da subvención a responsable de comprobar** que as persoas seleccionadas cumpren os anteriores requisitos.

Segunda.- Informácion sobre os programas de cooperación concedidos

A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais remitirá previamente o listado de entidades beneficiarias e postos de traballo concedidos, para os efectos de que as oficinas de emprego teñan coñecemento previo das seleccións a realizar.

De xeito paralelo, os programas concedidos serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia para que poidan ser coñecidos polas posibles persoas beneficiarias. Neste senso, a oficina de emprego informará ás persoas interesadas dos requisitos da convocatoria e o sistema de selección a través de oferta de emprego específica para as ocupacións concedidas.

Terceira.- Procedemento de selección.

A entidade local beneficiaria deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia, no modelo normalizado para o efecto, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir ás persoas que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados, debendo



presentarse unha oferta por cada ocupación que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO) e que se tramitará do seguinte xeito:

1. A entidade beneficiaria, coa suficiente antelación para que a oficina de emprego poida tramitala (con carácter xeral, 15 días hábiles), presentará a oferta na oficina de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ou postos ofertados, xunto coa solicitude e anexos, de ser o caso, debidamente corrixidos, ademais da correspondente notificación da resolución de concesión da subvención ou, sen ter a resolución, a autorización do departamento territorial correspondente para a contratación anticipada.

A presentación da oferta poderá realizarse:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento [PRO04A](#). Neste caso, dirixirá a solicitude ao departamento territorial da consellería correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego_Programas de cooperación) e á oficina de emprego de destino, á que o departamento territorial reenviará a documentación a través do Rexel.

b. A través de correo electrónico, dirixido á oficina de emprego que vaia a realizar a selección.

A oferta deberá tramitarse pola oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado. Cando unha entidade dispoña de centros de traballo que se correspondan co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación de todas as ofertas na oficina á que lle correspondan máis postos de traballo ofertados.

2. Presentarase unha oferta por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO).

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos no punto Primeiro desta instrución. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, coa eliminación de estereotipos de xénero tanto na súa redacción como nas imaxes que acompañen a publicación.

Non poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.



3. O tipo de oferta a tramitar será o **tipo J – COOPERACIÓN ENTIDADES LOCAIS APROL RURAL**.

Esta oferta ten unha configuración específica de ordenación e priorización, coa fin de favorecer nos emparellamentos/sondaxes aos demandantes pertencentes aos colectivos indicados no artigo 14.6 da Orde de convocatoria.

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate a persoa cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

De entre os colectivos indicados, terán preferencia, en todo caso, os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral e, de ser o caso, aquelas persoas demandantes que teñan previsto a realización deste tipo de medidas no seu Itinerario Personalizado de Inserción (IPI) en curso. Por exemplo, se falamos do colectivo de mulleres, primeiro aparecerían, no seu caso, as mulleres con IPI e logo, as mulleres sen IPI.

Por último, aplicarase en primeiro lugar a ordenación por data de solicitude de ocupación e, en segundo lugar, o tempo de inscrición con intermediación.

4. Excepcionalmente, admitirase a **vinculación nominal, previa autorización expresa do respectivo departamento territorial**, cando se trate de seleccionar a persoas que acrediten a pertenza a colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, condición que se acreditará mediante as correspondentes certificacións ou informes elaborados polo persoal traballador social, de ser o caso.

En todo caso, as persoas así seleccionadas deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 14 da orde de convocatoria.

5. O número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez. A remisión de novas persoas candidatas só procederá cando a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos remitidos.

A xestión das candidaturas realizarase do seguinte xeito:

- Unha vez realizada a sondaxe, comprobarase de xeito telefónico a dispoñibilidade das persoas candidatas pola orde de prioridade establecida anteriormente.
- O currículo das persoas candidatas dispoñibles serán remitidos á entidade beneficiaria por medio de correo electrónico ou Notific@.
- A xestión de incidencias (xustificación e solicitude de máis candidatos, cambios de ocupación debidamente autorizados polo departamento territorial...), efectuarase igualmente por medios electrónicos.



Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas.

As persoas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

6. A selección definitiva, efectuada pola entidade beneficiaria, deberá ser notificada por correo electrónico ou a través da sede electrónica, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais
Pablo Fernández López
(asinado dixitalmente)

